



Miguel Bouzó Rodríguez, Cristina Fernández Davila, Eva Gil Solla, José Carlos Vázquez Míguez, Verónica Bargiela Pino e Francisco Aparicio Oliván, portavoz, concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego** no Concello de Ponteareas, ao abeiro da lexislación vixente, presentan o seguinte **ROGO** para o seu debate en Pleno sobre **medidas para apoiar ás persoas e familias con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA)**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“Temos que aprender a ver o mundo cos ollos dunha persoa con autismo. Cando sexamos capaces de comprender por que a vida lles resulta difícil, poderemos mover obstáculos e desenvolver respecto polos esforzos que fan para sobrevivir entre nós”, deixou escrito Theo Peeters.

O vindeiro martes 2 de abril conmemórase o Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo, e dende o BNG queremos pór o foco nas dificultades que atopan cada día as persoas e familias que conviven con este trastorno e propor unha batería de propostas pera mellorar a súa calidade de vida.

Os trastornos do espectro do autismo (TEA) son trastornos complexos que afectan ao desenvolvemento do sistema nervioso e ao funcionamento cerebral. Caracterízanse por dificultades na comunicación, na interacción social e a presenza de patróns ríxidos de pensamento, conduta ou interese. Así mesmo, danse alteracións sensoriais que condicionan a flexibilidade e a funcionalidade da persoa.

O coñecemento da realidade das persoas con TEA é clave para lograr a súa plena inclusión e para que poidan vivir nun ambiente de tolerancia, respecto e igualdade verdadeira. No seu día a día, existen múltiples situacións que lles supoñen unha dificultade, como seguir as indicacións das sinais, ter acceso a unha lectura comprensible dunha información ou ser quen de desprazarse nas dependencias dun edificio ou saír del.

Non todo o mundo comprende o que nos rodea do mesmo xeito. Por iso as administracións públicas como o Concello de Ponteareas deben traballar pola accesibilidade universal, é dicir, procurar que os espazos públicos e servizos sexan comprensibles e utilizables por todas as persoas en condicións de seguridade e confort da forma máis autónoma e natural posible. Isto implica a eliminación de barreiras físicas, psicolóxicas, cognitivas ou comunicativas.

Por exemplo, a decisión caprichosa do goberno local de eliminar pictogramas das rúas peonís para regresar ao pasado en materia de mobilidade, supuxo unha alteración para as persoas con TEA ou outros trastornos, que se guiaban con maior autonomía polas rúas céntricas da vila grazas a estes símbolos.

Débase garantir unha accesibilidade cognitiva, xa que beneficia as persoas con dificultades cognitivas ou do neurodesenvolvemento como son as que padecen TEA. Trátase de estratexias que axudan a que as persoas con dificultades no proceso de información, como a atención, percepción, memoria ou a comprensión da contorna poidan acceder á información e procesala para a súa adaptación ao medio.

Dende o BNG instamos ao goberno Ponteareas a adoptar unha postura activa, coa posta en marcha de medidas sinxelas que serán de grande axuda para este colectivo. Cabe lembrar que, mentres tivemos responsabilidades de goberno, comezaron a implantarse as primeiras medidas, como programas de apoio a familias con crianzas con TEA, obradoiros, xornadas para profesionais, para familias e de concienciación ou a instalación de 700 pictogramas, principalmente nos centros educativos.

Non podemos retroceder nin un paso atrás. Ponteareas debe seguir avanzando para, coa axuda de todas e todos, transformarmos as nosas contornas e que todas as persoas poidan ter acceso e facer uso das mesmas en igualdade.

En base ao exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego propón ao Goberno Local a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Executar as accións que as entidades do ámbito propoñan para conmemorar o 2 de abril o Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo, como a iluminación da fachada do concello de cor azul, a colocación do lazo no balcón e a divulgación desta data sinalada.
2. Pór en marcha unha campaña de sensibilización para facilitar a inclusión social das persoas con Trastorno do Espectro do Autismo, especialmente nos centros escolares, fomentando a empatía e o respecto á diversidade dende as idades máis temperás e traballando a concienciación coas familias para visibilizar o trastorno.
3. Facilitar a accesibilidade cognitiva das persoas con TEA:
 - a) Dispondo de pictogramas normalizados e sinalética que facilite a comprensión dos espazos e edificios públicos.
 - b) Elaborando carteis e soportes de comunicación claros e recoñecibles para facilitar a comprensión da información.
 - c) Iniciando unha campaña dirixida a entidades privadas, comerciantes e asociacións para que se poidan adherir á iniciativa municipal e sinalizar os seus servizos e locais.
4. Programar, en colaboración co tecido social, xornadas formativas para familias e profesionais (do ámbito sanitario, educativo,...) que traballen de xeito constante con persoas con trastorno do espectro do autismo.

5. Apoiar, formar e ofrecer atención psicolóxica permanente ás persoas coidadoras, así como ás persoas adultas con TEA, que carecen de axudas ao chegaren á idade adulta.
6. Impartir formación ao cadro de persoal municipal que presta atención ao público, facilitando que poidan atender de forma adecuada situacións que poidan xerarse con persoas con TEA.
7. Ter en conta as necesidades das persoas con trastorno do espectro do autismo nas actividades festivas e o tempo de lecer:
 - a) Acoutando unha zona de volume reducido nos desfiles de rúa para evitar alteracións polos estímulos auditivos.
 - b) Continuando a iniciativa do anterior goberno local de asignar unha franxa horaria para que as atraccións das festas reduzan o volume para permitir o goce das persoas con trastornos sensoriais.
 - c) Garantindo as prazas suficientes e o apoio específico e especializado en actividades como os campamentos.
 - d) Coa programación de actividades nas que poidan participar.

Ponteareas, marzo de 2024

Miguel Bouzó Rodríguez
Portavoz do Grupo Municipal do BNG

ALCALDÍA-PRESIDENCIA DO CONCELLO DE PONTEAREAS